Concello
As Neves

Precisamos a COLABORACIÓN na retirada dos niños primarios de Vespa Velutina



Solicitase a revisión de galpóns, garaxes, porches e aleiros de tellados.
Estes son os lugares avituais onde crean os niños as raíñas de Vespa Velutina.
Os niños son de cor castaño pardo e por cada un que se retire evítanse 50 no ano seguinte.
Para a retirada dos niños avisen ao 112, ao Concello ou sigan os consellos na páxina www.asneves.gal.

LOCALIZADO O NIÑO PRIMARIO DE VESPA VELUTINA

- ✓ Realizarse a captura cara ao anoitecer, de noite ou ao amencer, para asegurarnos de que a raíña está dentro do niño.
- ✓ Para matar á vespa raíña e ás larvas utilizar unha botella de plástico de 1,5 litros de auga, cortada pola boca. Aplicar no seu interior un insecticida -Zapi Garden, Diptron ou solucións caseiras indicadas para as trampas- e colocar a botella rodeando ao niño; esperar 40 segundos para que o insecticida mate á raíña e ás larvas e retirar a raíña.

TRAMPEO DE RAÍÑAS EN PRIMAVERA

ONDE COLOCAR AS TRAMPAS

As trampas instalaranse nos meses de primavera, situaranse a unha altura de 1,5 metros nas seguintes zonas:

1. MELLOR EN:

- ➢ Nun radio de 150-200 metros dos niños do ciclo anterior (xa que a hibernación e a construcción de novos niños adoita realizarse aí.
- ➢ Arbores en flor: camelias, plantas ornamentais, froiteiras…
- ➢ Arbores que poidan ter pole ou pulgón: por exemplo o salgueiro.
- ➢ Nas próximidades dos galpóns onde se garda o material do apicultor.

2. TAMÉN:

- ➢ Nun radio de 100 metros dos apiarios.

3. NUNCA NO COLMENAR EN PRIMAVEIRA

Na medida do posible a trampa iniciarase cunha néspera conxelada, a poder ser raíña, que atraerá aos seus conxéneres por efecto das feromonas e fará de repelente para as abellas. Despois meter as novas raíñas collidas as seguintes veces e poñer algo para que non se afogue.

LÍQUIDO PARA AS TRAMPAS

1. LÍQUIDO COMERCIAL

10ml de atraínte + 200ml auga + 50g azucre (se entran abellas reducir a 25g)

2. LÍQUIDO ALTERNATIVO OU CASEIRO

- ➔ Auga quente (1l) + mel (1/2l) + vinagre (1 culler de sopa) + alcol (2 culleres de sopa)
- ➔ Cervexa negra (1 vaso) + viño branco (1 vaso) + azucre ou mel (1 culler de postre)
- ➔ Cadros vellos de cera quentados en auga ou auga de derreter cera
- ➔ Viño branco (1 vaso) + xirope de arándanos (1 cullerada)

SUSTITUCIÓN DO LÍQUIDO

A frecuencia coa que sustituir o líquido empregado como cebo variará pero +- cada 2 ou 3 semanas.